



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día vinteseis de abril de dous mil dezaseis tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26 DE ABRIL DE 2016.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as doce horas do día vinteseis de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente D. Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudio dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de abril de dous mil dezaseis.

**2.- LICENCIAS DE OBRA
NON HAI LICENCIAS.**

3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



22

SEMANA 17- do 25 ó 30 de abril de 2016.

719 h/semana S.A.F. BÁSICO

1.322 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA

BAIXA SAF BASICO a nome de O.S.B.

ALTA SAF BASICO a nome de J.S.M. 20 h/mes

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO USOS MULTIPLES". PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2015 (PPOS/15).

En relación co expediente relativo á contratación, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, da elaboración das obras consistentes en TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, con base nos seguintes

ANTECEDENTES DO FEITO

PRIMEIRO. O día 21 de decembro de 2015, o Sr. Alcalde detectou a necesidade de realizar a contratación das obras consistentes en TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES.

SEGUNDO. Dadas as características das obras consistentes en TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES, parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO. O día 21 de decembro de 2015 foi emitido un informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.



23

CUARTO. O día 21 de decembro de 2015, Secretaría emitiu un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

QUINTO. Por resolución da Alcaldía do 21 de decembro de 2015 aprobouse iniciar o expediente para a devandita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

SEXTO. O día 21 de decembro de 2015 foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

SÉTIMO. O día 23 de decembro de 2015, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, aprobáronse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato das obras consistentes en TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación. Autorizouse tamén o gasto que supón a adxudicación.

OITAVO. O día 12 de xaneiro de 2016 foi publicado un anuncio de licitación por prazo de vinte e seis días no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no perfil do contratante do órgano de contratación, co fin de que os interesados presentasen as súas proposicións.

NOVENO. Durante a licitación presentáronse as proposicións que constan no expediente.

DÉCIMO. O día 12 de abril de 2016 constituíuse a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das proposicións, e esta clasificou como oferta máis favorable a presentada por OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.

DÉCIMO PRIMEIRO. O día 14 de abril de 2016, o órgano de contratación declarou como oferta economicamente máis favorable a emitida pola empresa OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.

DÉCIMO SEGUNDO. Requiríuselle ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación xustificativa do Texto



24

Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

DÉCIMO TERCEIRO. O día 20 de abril de 2016, o licitador OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L. constituíu a garantía definitiva por un importe de 24.329 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 6, 22, 53, 109 e 110, 138 e seguintes, 150 e seguintes, 235 a 239 e a disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.
- O Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Despois de ver o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Que se lle adxudique á empresa OBRA Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L. o contrato de obras consistentes en TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

SEGUNDO. Que se dispoña o gasto con cargo á aplicación 2016.459.609 do orzamento vixente de gastos.



concello de
agolada

Tel: 986 788 662/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



25

TERCEIRO. Que se lles notifique a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Que se lle notifique a OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L. adxudicatario do contrato, esta resolución e que sexa citado para a sinatura do contrato que terá lugar na Casa Consitorial o martes día 3 de maio de 2016, ás 11,30 horas.

QUINTO. Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo Concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde [ou director facultativo das obras] e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

SEXTO. Que se publique a formalización do contrato de obras de TERMINACIÓN E REMATES EDIFICIO DE USOS MULTIPLES no perfil do contratante e que se publique un anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra no prazo de corenta e oito días contados desde a data desta resolución.

SÉTIMO. Que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5.- CAMBIO TITULARIDADE ESPACIOS SEPULTURA CEMENTERIO MUNICIPAL DE AGOLADA.

Os espazos de sepultura numero 2 e 3 da categoría 4ª constan a nome de D. María Hortensia Aurelia Ríos Lorenzo, falecida a titular ditos espazos pasan a ser titularidad dos seus herdeiros, os seus sobriños.

A Xunta de Goberno Local en votación ordianaria e por unanimidade acorda conceder o cambio de titularidade de ditos espazos de sepultura a nome de D. José Ríos Lorenzo, D. Manuel Ríos Lorenzo, D. Fernando Ríos Lorenzo e D. María Dolores Ríos Lorenzo.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



26

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

NON HAI ESCRITOS.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde – Presidente accidental levántese a sesión, sendo as doce horas e cuarenta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde – Presidente, en Agolada a vinteseis de abril de dous mil dezaseis.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,